

Nota de prensa

16.11.2023

O rendemento dos cultivos, os sistemas de monitorización e a fiscalidade, entre os temas abordados na primeira sesión das XX Xornadas Técnicas de Vacún de Leite de Seragro

- Este ano as xornadas chegan ao seu vixésimo aniversario e continuarán mañá na Facultade de Veterinaria de Lugo.

O auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo está a ser o escenario, un ano máis, das Xornadas Técnicas de Vacún de Leite que organiza a cooperativa Seragro e que celebran, nesta ocasión, a súa vixésima edición.

A primeira sesión do encontro deu comezo ás 10:30 horas coa inauguración e, xusto despois, o catedrático **Juan Miguel Rodríguez** foi o primeiro relator do día. Durante a súa quenda, profundou sobre a microbiota mamaria da vaca. Seguiulle **Víctor Manuel Rodríguez**, veterinario de Seragro, coa charla titulada “A sala de espera desespera”.

Despois dunha breve pausa para o café, as exposicións continuaron da man de **David Vilacoba**, enxeñeiro agrícola, quen disertou sobre as posibilidades do aumento do rendemento no millo e, a continuación, a enxeñeira agrónoma de Seragro **Ana Rama** puxo o foco na mellora da calidade da herba.

Para pechar a mañá, **Diana Freijeiro**, enxeñeira agrónoma, centrou a súa exposición no caderno dixital e as novas restricións na xestión das explotacións.

Tras un descanso para a comida, ás 16:00 horas retomáronse as charlas coa economista **Mónica Martínez**. O relatorio que desenvolveu levaba por título: “Fiscalidade e negocios: como as decisións sociais e fiscais lle afectan ao teu negocio”.

Posteriormente, chegou a quenda dos gandeiros **Pablo Suárez**, da Sociedade Cooperativa Galega Grille; **Marcos Alvite**, de Granxa Pazos, e **Jesús Pablo Blanco**, de Granxa Xustás, que falaban sobre o día a día en granxas con sistemas de monitorización.

O primeiro día chegou ao seu fin co habitual encontro gandeiro.